



## RESUMO INFORMATIVO

<b>Materia</b>	Educación plástica visual e audiovisual	<b>Departamento</b>	Debuxo
<b>Docente</b>	María Penalonga Ramallal		
<b>Curso/Grupo</b>	1º ESO A, B, C, D	<b>Ano académico</b>	23-24
<b>Contidos</b>			
<b>1º Trimestre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Elementos básicos: punto, liña e plano.</li> <li>- Elementos de configuración visual: textura.</li> <li>- Elementos de configuración visual: forma e cor.</li> </ul>		
<b>2º Trimestre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Técnicas de expresión gráfico-plástica en dúas e tres dimensións.</li> <li>- A linguaxe e a comunicación visual.</li> <li>- Imaxe fixa: A fotografía.</li> </ul>		
<b>3º Trimestre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Imaxe secuencial: O cómic.</li> <li>- Introducción á xeometría plana. Trazados xeométricos básicos.</li> <li>- Introducción aos sistemas de representación: Vistas diédricas.</li> </ul>		
<b>Tema transversal</b>	As distintas manifestacións culturais e artísticas ao longo da historia		
<b>Obxectivo</b>			
Os marcados polo <i>Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.</i>			
<b>Metodoloxía</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso dunha metodoloxía investigadora e creadora, baseada na observación, experimentación e reflexión (de forma individual ou colectiva), de xeito que a docente sirva de guía no seu coñecemento.</li> <li>- "<i>Aprender facendo</i>" para obter garantía de permanencia nos seus coñecementos.</li> <li>- Avaliación inicial, co fin de coñecer as ideas previas que ten o alumnado sobre os diferentes contidos.</li> <li>- Exposición de traballos realizados por alumnado doutros cursos, así como de diferentes referentes artísticos.</li> <li>- Exposición, por parte do docente, da nova tarefa a realizar.</li> <li>- Reflexión persoal e conxunta sobre as resultas plásticas e sobre os coñecementos adquiridos.</li> </ul>			
<b>Proceso de Avaliación Ordinario</b> (Ferramentas, procedementos, etc.)			
<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:</b>			
<b>a) CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:</b>			
A cualificación do alumnado en cada avaliación estableceráse segundo os seguintes criterios:			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• 80% ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS. Traballos prácticos e/ou teóricos, proxectos, cuestionarios, probas teórico-prácticas tanto individuais coma en grupo... As cualificacións</li> </ul>			

das distintas tarefas irán de 0 a 10, valorándose cun 0 as non presentadas na data indicada.

- 20% OBSERVACIÓN DIARIA. Ó ser unha materia principalmente práctica que se desenvolve na aula, teránse en conta aspectos como traer o material, facer un bo uso do mesmo, aproveitar o tempo da aula, participar nas diferentes actividades...

Se o resultado non é un número enteiro se procederá ao número enteiro superior se a parte decimal é superior a 6.

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, contidos, etc., e que os traballos sexan entregados nas datas indicadas.

### **b) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os principais instrumentos do proceso de avaliación da aprendizaxe serán as rúbrica, listas de cotexo, escalas de valoración...

### **c) CUALIFICACIÓN FINAL:**

- A nota final será a media das 3 avaliacións. Se o resultado non é un número enteiro se procederá ao número enteiro superior se a parte decimal é superior a 6.
- Considérase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.
- Non se fará o redondeo ao enteiro superior cando a avaliación do terceiro trimestre sexa inferior en 3 puntos respecto da avaliación anterior (P.e:  $8+9+6=7,66$  Nota final: 7).
- Si que se poderá facer o redondeo ao enteiro superior nos casos nos que as cualificacións dos 3 trimestres sexan progresivas e ascendentes (P.e:  $6+7+9= 7,33$  Nota final: 8).

### **d) RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO:**

Para poder recuperar as notas das avaliacións non superadas, o alumnado deberá repetir os traballos con notas inferiores a 5 e os non entregados. A máxima nota que poderán acadar será un 5. Para o cálculo da media, a nota dos traballos repetidos substituirá á dos anteriores. Ditas entregas faranse nas datas indicadas polo profesorado.

### **e) RECUPERACIÓN FINAL:**

O alumnado que non supere a materia unha vez avaliados os tres períodos citados, pode presentarse a unha avaliación final que consistirá en facer un traballo teórico-práctico cos contidos do curso. Peso porcentual na nota: 100%.

*(Extracto da programación do departamento)*



## RESUMO INFORMATIVO

<b>Materia</b>	Educación plástica visual e audiovisual	<b>Departamento</b>	Debuxo
<b>Docente</b>	Jessica Mera Redondo / María Penalonga Ramallal		
<b>Curso/Grupo</b>	3º ESO A, B, C, D	<b>Ano académico</b>	23-24
<b>Contidos</b>			
<b>1º Trimestre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Os elementos básicos gráfico-plásticos.</li> <li>- A percepción visual.</li> <li>- Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas: dúas dimensións.</li> </ul>		
<b>2º Trimestre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O proceso creativo.</li> <li>- Técnicas básicas de expresión gráfico-plásticas: tres dimensións.</li> <li>- Imaxes visuais e audiovisuais. A fotografía.</li> </ul>		
<b>3º Trimestre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Imaxes visuais e audiovisuais. O cine e a animación.</li> <li>- Sistema diédrico: vistas.</li> </ul>		
<b>Tema transversal</b>	As distintas manifestacións culturais e artísticas ao longo da historia		
<b>Obxectivo</b>			
Os marcados polo <i>Decreto 156/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.</i>			
<b>Metodoloxía</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso dunha metodoloxía investigadora e creadora, baseada na observación, experimentación e reflexión (de forma individual ou colectiva), de xeito que a docente sirva de guía no seu coñecemento.</li> <li>- "<i>Aprender facendo</i>" para obter garantía de permanencia nos seus coñecementos.</li> <li>- Avaliación inicial, co fin de coñecer as ideas previas que ten o alumnado sobre os diferentes contidos.</li> <li>- Exposición de traballos realizados por alumnado doutros cursos, así como de diferentes referentes artísticos.</li> <li>- Reflexión persoal e conxunta sobre as resultas plásticas e sobre os coñecementos adquiridos.</li> </ul>			
<b>Proceso de Avaliación Ordinario</b> (Ferramentas, procedementos, etc.)			
<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:</b>			
<b>a) CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN</b>			
A cualificación do alumnado en cada avaliación estableceráse segundo os seguintes criterios:			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• 80% ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS. Traballos prácticos e/ou teóricos, proxectos, cuestionarios, probas teórico-prácticas tanto individuais coma en grupo... As cualificacións das distintas tarefas irán de 0 a 10, valorándose cun 0 as non presentadas na data indicada.</li> </ul>			

- **20% OBSERVACIÓN DIARIA.** Ao ser unha materia principalmente práctica que se desenvolve na aula, teránse en conta aspectos como traer o material, facer un bo uso do mesmo, aproveitar o tempo da aula, participar nas diferentes actividades...

Se o resultado non é un número enteiro se procederá ao número enteiro superior se a parte decimal é superior a 6.

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, contidos, etc., e que os traballos sexan entregados nas datas indicadas.

#### **b) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os principais instrumentos do proceso de avaliación da aprendizaxe serán as rúbrica, listas de cotexo, escalas de valoración...

#### **c) CUALIFICACIÓN FINAL**

- A nota final será a media das 3 avaliacións. Se o resultado non é un número enteiro se procederá ao número enteiro superior se a parte decimal é superior a 6.
- Considérase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.
- Non se fará o redondeo ao enteiro superior cando a avaliación do terceiro trimestre sexa inferior en 3 puntos respecto da avaliación anterior (P.e:  $8+9+6=7,66$  Nota final: 7).
- Si que se poderá facer o redondeo ao enteiro superior nos casos nos que as cualificacións dos 3 trimestres sexan progresivas e ascendentes (P.e:  $6+7+9= 7,33$  Nota final: 8).

#### **d) RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO**

Para poder recuperar as notas das avaliacións non superadas, o alumnado deberá repetir os traballos con notas inferiores a 5 e os non entregados. Para o cálculo da media, a nota dos traballos repetidos substituirá á dos anteriores. Ditas entregas faranse nas datas indicadas polo profesorado.

#### **e) RECUPERACIÓN FINAL**

O alumnado que non supere a materia unha vez avaliados os tres períodos citados, pode presentarse a unha avaliación final que consistirá en facer un traballo teórico-práctico cos contidos do curso. Peso porcentual na nota: 100%.

*(Extracto da programación do departamento)*



## RESUMO INFORMATIVO

<b>Materia</b>	Cultura audiovisual	<b>Departamento</b>	Debuxo
<b>Docente</b>	María Penalonga Ramallal		
<b>Curso/Grupo</b>	1º BACH	<b>Ano académico</b>	23-24
<b>Contidos</b>			
<b>1º Trimestre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A linguaxe audiovisual.</li> <li>- Iluminación e cor na fotografía e no cinema.</li> <li>- A fotografía e o cinema.</li> </ul>		
<b>2º Trimestre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O audiovisual na sociedade contemporánea.</li> <li>- Narrativa audiovisual.</li> <li>- A produción audiovisual.</li> </ul>		
<b>3º Trimestre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medios auxiliares na narrativa audiovisual.</li> <li>- A postprodución.</li> </ul>		
<b>Tema transversal</b>	As distintas manifestacións culturais e artísticas ao longo da historia		
<b>Obxectivo</b>			
Os marcados polo <i>Decreto 157/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.</i>			
<b>Metodoloxía</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Uso dunha metodoloxía investigadora e creadora, baseada na observación, experimentación e reflexión (de forma individual ou colectiva), de xeito que a docente sirva de guía no seu coñecemento.</li> <li>- "Aprender facendo" para obter garantía de permanencia nos seus coñecementos.</li> <li>- Avaliación inicial, co fin de coñecer as ideas previas que ten o alumnado sobre os diferentes contidos.</li> <li>- Exposición de referentes fotográficos, cinematográficos...</li> <li>- Exposición, por parte do docente, da nova tarefa a realizar.</li> <li>- Reflexión persoal e conxunta sobre os resultados obtidos e sobre os coñecementos adquiridos.</li> </ul>			
<b>Proceso de Avaliación Ordinario</b> (Ferramentas, procedementos, etc.)			
<b>CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:</b>			
<b>a) CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:</b>			
A cualificación do alumnado en cada avaliación estableceráse segundo os seguintes criterios:			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• 70%-100% ADQUISICIÓN DE COÑECEMENTOS. Traballos prácticos e/ou teóricos, proxectos, cuestionarios, comentarios... As cualificacións das distintas tarefas irán de 0 a 10. As entregadas fora de prazo verán reducida a súa calificación nun 50% e aqueles traballos entregados con máis dunha semana de retraso non serán avaliados e recibirán a calificación de 0.</li> </ul>			

- 0-30% PROBA OBXECTIVA. Realizarase unha proba escrita teórica ou teórico-práctica, onde o alumnado deberá demostrar a adquisición dos contidos e o vocabulario específico da materia. Valorarase de 0 a 10 puntos. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas.

Se o resultado non é un número enteiro se procederá ao número enteiro superior se a parte decimal é superior a 6.

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, contidos, etc., e que os traballos sexan entregados nas datas indicadas.

#### **b) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os principais instrumentos do proceso de avaliación da aprendizaxe serán as rúbrica, listas de cotexo, escalas de valoración...

#### **c) CUALIFICACIÓN FINAL:**

- A nota final será a media das 3 avaliacións. Se o resultado non é un número enteiro se procederá ao número enteiro superior se a parte decimal é superior a 5.
- Considérase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.
- Non se fará o redondeo ao enteiro superior cando a avaliación do terceiro trimestre sexa inferior en 3 puntos respecto da avaliación anterior (P.e:  $8+9+6=7,66$  Nota final: 7).
- Si que se poderá facer o redondeo ao enteiro superior nos casos nos que as cualificacións dos 3 trimestres sexan progresivas e ascendentes (P.e:  $6+7+9=7,33$  Nota final: 8).

#### **d) RECUPERACIÓN AO LONGO DO CURSO:**

Para poder recuperar as notas das avaliacións non superadas o alumnado deberá:

- repetir os traballos con notas inferiores a 5 e os non entregados. A máxima nota que poderán acadar será un 5. Para o cálculo da media, a nota dos traballos repetidos substituirá á dos anteriores. Ditas entregas faranse nas datas indicadas polo profesorado.
- Realizar unha proba escrita de recuperación onde se avalie únicamente os exames non superados. A cualificación será de 0 a 10.

#### **e) AVALIACIÓN EXTRAORDINARIA:**

O alumnado que non supere a materia en convocatoria ordinaria, poderá presentarse a unha proba de avaliación extraordinaria, que consistirá nunha proba escrita onde se avalíen todos os contidos tratados durante o curso. Peso porcentual na nota: 100%.

*(Extracto da programación do departamento)*



## RESUMO INFORMATIVO

<b>Materia</b>	PROXECTOS ARTÍSTICOS	<b>Departamento</b>	DEBUXO
<b>Docente</b>	JESSICA MERA REDONDO		
<b>Curso/Grupo</b>	1º BAC	<b>Ano académico</b>	23 - 24
<b>Contidos</b>			
<b>1º Trimestre</b>	Proxectos de diseño gráfico		
<b>2º Trimestre</b>	Proxectos de ilustración		
<b>3º Trimestre</b>	Proxectos de fotografía		
<b>Todos</b>	Proxecto persoal <ul style="list-style-type: none"> <li>• A creatividade. Estratexias de superación do bloqueo creativo.</li> <li>• Metodoloxía proxectual. Xeración e selección de propostas. Planificación, xestión e avaliación de proxectos artísticos. Difusión de resultados.</li> <li>• Estratexias de traballo en equipo. Distribución de tarefas e liderado compartido. Resolución de conflitos.</li> <li>• Estratexias, técnicas e soportes de documentación, rexistro e arquivo. Sostibilidade e impacto dos proxectos artísticos.</li> <li>• Oportunidades de desenvolvemento persoal, social, académico e profesional relacionadas co ámbito artístico. O emprendemento cultural.</li> </ul>		
<b>Obxectivo</b>			
Os marcados polo <i>Real decreto 243/2022, do 5 de abril, polo que se establecen a ordenación e as ensinanzas mínimas do bacharelato</i> .			
<b>Metodoloxía</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>• Preténdese implicar activamente ao alumnado, potenciar a investigación, fomentar o sentido emprendedor e o traballo en equipo e propiciar a aprendizaxe significativa.</li> <li>• Estimúlase ao alumnado ao traballo artístico fóra do centro educativo tendo o propio centro como un viveiro cultural, artístico e de creación de iniciativas artísticas</li> <li>• Todas as unidades temáticas constan dunha parte teórica e unha parte práctica. No apartado teórico, expónse a unidade na pantalla, propoñeranse os obxectivos que se pretenden alcanzar, a tarefa que se vai a realizar (fases, datas de entrega e materiais) e os criterios de avaliación ( rúbricas). Toda esta información queda rexistrada na Aula virtual. No apartado práctico tentarase que sexa un momento no que o alumno teña unha actitude activa e persoal con respecto ás tarefas propostas</li> </ul>			
<b>Proceso de Avaliación Ordinario</b> (Ferramentas, procedementos, etc.)			

**a) CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:**

A cualificación do alumnado en cada avaliación estableceráse segundo os seguintes criterios:

- **70 % Proxectos artísticos e memorias**, coa súa correspondente documentación
- **20% Presentacións orais.**
- **10% Observación diaria.** (ser puntual na entrega de traballos e traer o material)

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que sexan entregados nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

**b) CUALIFICACIÓN FINAL:**

A cualificación final será a media das tres avaliacións. Considérase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.

**c) INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN**

Os instrumentos principais do proceso de avaliación da aprendizaxe nesta etapa contemplarán o seguimento individualizado do alumnado, a observación directa e sistemática, o portfolio e a rúbrica.

**d) AUTOAVALIACIÓN, RETROALIMENTACIÓN E COEVALUACIÓN**

O alumnado contará cunha táboa de indicadores (rúbricas) para a avaliación de cada exercicio, co que se facilita o entendemento dos mínimos que debe alcanzar e co que pode realizar a súa autoavaliación. Levarase a cabo a práctica da retroalimentación, de forma que as tarefas individuais e grupais serán devoltas con correccións e comentarios por parte da profesora para fomentar no alumnado o espírito autocrítico e motivalo na mellora da súa tarefa. Será unha retroalimentación construtiva orientada ao progreso e perfeccionamento na aprendizaxe e unha retroalimentación apreciativa enfocada á motivación e ao recoñecemento. Tamén se realizará a coevaluación, de forma que nas exposicións orais os propios estudantes avalíen o traballo realizado polos seus compañeiros e compañeiras apoiados/as nunha folla de rúbricas para realizar unha avaliación obxectiva, crítica e construtiva.

**Proceso de avaliación Extraordinario / Final (Ferramentas, procedementos, etc.)**

No periodo comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación final, o alumnado que non superou a materia poderá recuperala coa entrega das tarefas non presentadas ou suspensas. No caso de non presentar o traballo ou non alcanzar os obxectivos mínimos para aprobar a materia, poderá presentarse a unha proba final que englobará os conceptos e procedementos máis importantes do curso.

**Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación****RECUPERACIÓN DE MATERIAS PENDENTES**

O alumnado que curse o 2º curso de bacharelato e estea matriculado nesta materia por non tela superada con anterioridade, poderá recuperala seguindo un plan de actividades ao que o alumnado terá acceso a través da aula virtual do centro.

O seguimento de dito plan realizarase periodicamente, nas 3 datas de avaliación indicadas desde o centro, a través de entregas de traballos, que serán avaliados segundo o peso indicado a continuación:

- 80 % Proxectos artísticos e memorias, coa súa correspondente documentación
- 20% Presentacións orais.

A cualificación final será a media das tres avaliacións. Considérase superada a materia cando se obteña unha puntuación igual ou superior a 5 puntos.





## RESUMO INFORMATIVO

<b>Materia</b>	DEBUXO TÉCNICO I		
<b>Docente</b>	MARIEL MÉNDEZ CACHAFEIRO		
<b>Curso/Grupo</b>	1º BAC D E F	<b>Ano académico</b>	2023/2024
<b>Contidos (resumo)</b>			
<b>1º Trimestre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Concepto de lugar xeométrico. Arco capaz. Aplicacións dos lugares xeométricos ás construcións fundamentais da xeometría plana.</li> <li>- Proporcionalidade, equivalencia e semellanza.</li> <li>- Triángulos, cuadriláteros e polígonos regulares. Propiedades e métodos de construción específicos e xerais.</li> <li>- Tanxencias básicas. Curvas técnicas.</li> </ul>		
<b>2º Trimestre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fundamentos da xeometría proxectiva.</li> <li>- Sistema diédrico: representación de punto, recta e plano. Trazas con planos de proxección. Determinación do plano. Pertenzas.</li> <li>- Relacións entre elementos: interseccións, paralelismo e perpendicularidade. Obtención de distancias.</li> </ul>		
<b>3º Trimestre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sistema axonométrico, ortogonal e oblicuo. Perspectivas isométrica e cabaleira.</li> <li>- Sistema cónico: fundamentos e elementos do sistema. Perspectiva frontal e oblicua.</li> <li>- Escalas numéricas e gráficas.</li> <li>- Concepto de normalización. As normas fundamentais UNE, ISO e DIN</li> </ul>		
<b>Obxectivo (resumo)</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Interpretar elementos ou conxuntos arquitectónicos e de enxeñaría, empregando recursos asociados á percepción, ao estudo, á construción e á investigación de formas, para analizar as estruturas xeométricas e os elementos técnicos utilizados.</li> <li>- Utilizar razoamentos indutivos, dedutivos e lóxicos en problemas de índole gráfico-matemática,</li> <li>- Desenvolver a visión espacial, utilizando a xeometría descritiva en proxectos sinxelos,</li> <li>- Formalizar e definir deseños técnicos aplicando as normas UNE e ISO de maneira apropiada</li> <li>- Investigar, experimentar e representar dixitalmente elementos, planos e esquemas técnicos mediante o uso de programas específicos CAD de xeito individual ou grupal.</li> </ul>			
<b>Metodoloxía (resumo)</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Faranse como mínimo dous exames por avaliación. É imprescindible para poder presentarse a tódolos exames estar ó día na entrega das láminas e levar todo o material necesario para súa execución.</li> <li>1.Introdución.- Presentación do marco conceptual ou do problema para resolver, vinculación con coñecementos previos e integración na unidade didáctica en curso.</li> <li>2.Fundamento, análise e relacións conceptuais.</li> <li>3. Natureza do trazado xeométrico</li> <li>4. Proceso de Construción Xeométrica.- Explicación secuenciada e razoada de forma gráfica, das operacións xeométricas, como aplicación dos fundamentos conceptuais adquiridos e das condicións de partida, que permiten chegar ao fin establecido ou á resolución do problema</li> <li>5. Conclusións. Toma de conciencia e valoración da relevancia do trazado aprendido en relación á unidade didáctica correspondente, ao curso en desenvolvemento e aos estudos ou profesións posteriores.</li> </ul> <p>O apoio gráfico á explicación pode desenvolverse en diversas formas, en función da intención educativa que se persiga en cada momento. Ademais grazas ás novas tecnoloxías pódense atopar diferentes páxinas web onde haxa exemplos, e vídeos da execución dos problemas onde poden mirar como apoio ao estudado en clase.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>6.Traballo persoal do alumno:</li> </ul>			

Elaboración dos exercicios propostos polo profesor en cada unha das unidades temáticas encamiñados a asegurar o aprendizaxe dos contidos explicados e cuxa entrega será de carácter obrigatorio

**Proceso de Avaliación Ordinario** (Ferramentas, procedementos, etc.)

- Faranse dous exames por avaliación, cuxa media aritmética determinará a mota de cada avaliación.
- A cualificación final da avaliación ordinaria será a media aritmética das tres avaliacións.
- As notas que o alumno obteña nos traballos propostos poden servir, no seu conxunto, para mellorar a nota da media de cada avaliación ata un punto, sempre que a actitude do alumno na clase sexa correcta e teña entregadas todos os traballos do curso.
- Segundo o decreto 86/2015, en caso de equidistancia decimal na nota media pasarase ao dígito superior.

**EXAME PARA SUBIR NOTA**

É un exame voluntario, e poderanse presentar aqueles alumnos que partan dunha nota mínima de cinco e queiran subir a media.

Estes exames coincidirán cos de recuperación da avaliación, e os seus resultados teranse en conta á hora de determinar a nota final do curso.

**Proceso de avaliación Extraordinario** (Ferramentas, procedementos, etc.)

Os alumnos que non alcancen os mínimos esixidos na terceira avaliación e avaliación final a principios do mes de xuño, terán que presentarse á proba extraordinaria de finais de xuño na data indicada pola Xefatura de Estudos.

Ademais deste exame, o alumno entregará os traballos que non aprobe ou non entregue ao longo do curso, que lle permitirán incrementar ata un punto á nota final no caso de que estean correctamente executadas.

**Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación**



## RESUMO INFORMATIVO

<b>Materia</b>	DEBUXO TÉCNICO APLICADO ÁS ARTES PLÁSTICAS E AO DESEÑO I		
<b>Docente</b>	MARIEL MÉNDEZ CACHAFEIRO		
<b>Curso/Grupo</b>	1º BAC A	<b>Ano académico</b>	2023/2024
<b>Contidos (resumo)</b>			
<b>1º Trimestre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A xeometría na natureza, na contorna e na arte. Observación directa e indirecta.</li> <li>- A xeometría na composición.</li> <li>- Relacións xeométricas na arte e no deseño: proporción, igualdade e simetría.</li> <li>- Escalas numéricas e gráficas.</li> <li>- Construcións poligonais. Aplicación no deseño.</li> <li>- Tanxencias básicas. Curvas técnicas. Aplicación no deseño.</li> </ul>		
<b>2º Trimestre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Concepto e tipos de proxección.</li> <li>- Sistema diédrico ortogonal no primeiro diedro. Vistas en sistema europeo.</li> <li>- Perspectivas isométrica e cabaleira. Iniciación ao deseño de packaging.</li> <li>- Aplicación da perspectiva cónica, frontal e oblicua ao cómic e á ilustración.</li> </ul>		
<b>3º Trimestre</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Concepto de normalización. As normas fundamentais UNE e ISO.</li> </ul>		
<b>Obxectivo (resumo)</b>			
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Observar, analizar e valorar a presenza da xeometría na natureza, a contorna construída e a arte,</li> <li>- Desenvolver propostas gráficas e de deseño utilizando tanto o debuxo a man alzada como os materiais propios do debuxo técnico</li> <li>- Comprender e interpretar o espazo e os obxectos tridimensionais analizando e valorando a súa presenza nas representacións artísticas</li> <li>- Analizar, definir formalmente ou visualizar ideas, aplicando as normas fundamentais UNE e ISO para interpretar e representar obxectos e espazos.</li> <li>- Integrar e aproveitar as posibilidades que ofrecen as ferramentas dixitais, seleccionando e utilizando programas e aplicacións específicas de debuxo vectorial 2D e de modelaxe 3D.</li> </ul>			
<b>Metodoloxía (resumo)</b>			
<p>O desenvolvemento das diferentes unidades didáctica farémolo baixo dúas formulacións: teórico e práctico.</p> <p>FORMULACIÓN TEÓRICA:</p> <p>Primeiramente sinalaremos os obxectivos didácticos da unidade para que o alumno saiba que é o que se pretende conseguir con ese tema.</p> <p>Cada unidade ten un contido básico que debe quedar ben establecido. Ao comezar a exposición do tema realizaremos un esquema do mesmo que comprenda os distintos puntos esenciais a tratar.</p> <p>A continuación, realizarase a exposición ordenada e concreta de cada un dos puntos, coa exposición dos seus contidos, empregando todos os medios dispoñibles e necesarios.</p> <p>FORMULACIÓN PRÁCTICA:</p> <p>De cada unidade exoranse os exercicios prácticos necesarios para que o alumno exercite e aprenda o exposto no tema.</p> <p>Todos os exercicios prácticos presentaranse seguindo as directrices que se expoñan ao seu inicio.</p> <p>Deberanse respectar os temas e técnicas plásticas que se pidan en cada un deles.</p> <p>Aos alumnos esixiráselles en todos eles unha correcta presentación.</p> <p>Todos os exercicios prácticos puntuaranse, e para iso entregaranse todos os apuntamentos e bosquejos</p>			

xunto á obra final. Desta forma non só se avaliará o resultado final. É igualmente importante avaliar o proceso de elaboración.

#### **Proceso de Avaliación Ordinario** (Ferramentas, procedementos, etc.)

Faranse dous exames por avaliación, cuxa media aritmética contará un 60% na nota da mesma. O 40% restante resultará da media aritmética das notas dos traballos entregados.

Na terceira avaliación non se farán exames, polo que a nota media resultará da media aritmética das cualificacións dos exercicios entregados.

- A cualificación final da avaliación ordinaria será a media aritmética das tres avaliacións.
- As notas que o alumno obteña nos traballos propostos poden servir, no seu conxunto, para mellorar a nota da media da avaliación ata un punto, sempre que a actitude do alumno na clase sexa correcta, e teña entregados todos os traballos do curso.
- Segundo o decreto 86/2015, en caso de equidistancia decimal na nota media pasarase ao dígito superior.

#### **EXAME PARA SUBIR NOTA**

É un exame voluntario, e poderanse presentar aqueles alumnos que partan dunha nota mínima de cinco e queiran subir a media.

Estes exames coincidirán cos de recuperación da avaliación, e os seus resultados teranse en conta á hora de determinar a nota final do curso.

#### **Proceso de avaliación Extraordinario** (Ferramentas, procedementos, etc.)

Os alumnos que non alcancen os mínimos esixidos na terceira avaliación e avaliación final a principios do mes de xuño, terán que presentarse á proba extraordinaria de finais de xuño na data indicada pola Xefatura de Estudos.

Ademais deste exame, o alumno entregará os traballos que non aprobe ou non entregue ao longo do curso, que lle permitirán incrementar ata un punto á nota final no caso de que estean correctamente executadas.

#### **Outras consideracións relevantes a efectos da cualificación**

Departamento de Debuxo

Daniel Díaz Trigo

13 de octubre de 2023

# Resumo Programación Volume

A materia de Volume trata tanto do desenvolvemento da percepción sensorial, intelectual e crítica das formas coma da creación de obxectos tridimensionais, vertentes ambas estreitamente vinculadas. Esta dimensión da materia conecta o mundo das ideas co das formas para partir do coñecemento da linguaxe plástica e do uso de materiais, procedementos e técnicas de configuración tridimensional, así como doutros elementos de configuración formal e espacial, da análise da representación espacial e da aplicación da metodoloxía xeral do proxecto de creación de obxectos tridimensionais. Espérase con iso que o alumnado adquira xunto á capacidade de percepción espacial, táctil e cinestésica un dominio técnico e unhas habilidades creativas capaces de mobilizar o pensamento diverxente, como manifestación da capacidade humana para propoñer múltiples respostas ante un mesmo estímulo.

## CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia avaliaranse a través de entregas de traballos prácticos, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro mediante rúbricas e comentarios orais, así como de probas escritas, cualificándose a nota do seguinte xeito:

- prácticas e propostas creativas: 40%
- portafolios, no que se recollerá toda a teoría e práctica proposta: 60%

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que as prácticas e propostas creativas sexan entregadas nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

Un exemplo de indicadores de logro que se poden aplicar na meirande parte das unidades didácticas sería o seguinte:

Traballos: (todos eles fan media aritmética)

Aplica correctamente as técnicas empregadas en función da mensaxe proposta, manexando os materiais e instrumentos necesarios de forma axeitada. 40%

Aplica correctamente os elementos formais (composición, cor, textura, forma...). 40%

Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde. 10%

Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor e sigue un proceso de traballo correcto. 10%

### CUALIFICACIÓN FINAL:

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións. Isto débese a que hai contidos que se tratan só nunha avaliación pero o portafolios permite non só recuperalos se non tamén amplialos sempre ao ritmo máis axeitado para o alumnado. A maioría dos contidos son progresivos e van acadándose en maior medida segundo avanza o curso o que permite ir mellorando aspectos do portafolio tratados en avaliacións anteriores. Deste xeito consideramos o portafolio coma unha unidade de igual valor a efectos de cualificación.

O alumnado que estea matriculado nesta materia por non tela superada con anterioridade, poderá recuperala seguindo un plan de actividades ao que o alumnado terá acceso, preferiblemente a través da aula virtual do centro.

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase a través de 2 ou 3 entregas de traballos prácticos, así como de 2 ou 3 probas escritas, nas datas establecidas polo centro cualificándose a nota do seguinte xeito:

- Realización e presentación de prácticas e propostas creativas: 40%
- Exame práctico: 40%
- Exame teórico: 20%

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesor/a en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que as prácticas e propostas creativas sexan entregadas nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A cualificación final será a media aritmética das 2 ou 3 quendas.

## PROBA FINAL E PROBA EXTRAORDINARIA:

O alumnado poderá presentarse a unha proba final ordinaria e a unha extraordinaria, que consistirá na elaboración dun exercicio tipo práctico e unha proba teórica, na que se avaliará o seu grao de consecución dos contidos mínimos esixibles.

Neste caso, a cualificación final do curso será a nota desta proba, que se cualificará segundo os seguintes instrumentos de avaliación e ponderación sobre a nota total:

- Exame práctico: 80%
- Exame teórico: 20%

Departamento de Debuxo

Daniel Díaz Trigo

13 de octubre de 2023

# Resumo Programación Debuxo Artístico I e II

A materia de Debuxo Artístico presenta unha serie de obxectivos que buscan asegurar a adquisición das destrezas e técnicas necesarias, incluídas as dixitais, para a súa aplicación en diferentes proxectos e ámbitos, descubriendo o debuxo como linguaxe gráfica intelectual e desenvolvendo no alumnado a facultade dunha observación activa. Así mesmo, búscase promover unha sensibilidade estética cara ás obras propias e cara ás dos demais, descubriendo o debuxo como medio independente de expresión persoal.

## CUALIFICACIÓN POR AVALIACIÓN:

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia avaliaranse a través de entregas de traballos prácticos, dos que o alumnado coñecerá os indicadores de logro mediante rúbricas e comentarios orais, así como de probas escritas, cualificándose a nota do seguinte xeito:

- prácticas e propostas creativas: 40%
- portafolios, no que se recollerá toda a teoría e práctica proposta: 60%

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesorado en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que as prácticas e propostas creativas sexan entregadas nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

Un exemplo de ditos indicadores, que se poden aplicar na meirande parte das unidades didácticas sería o seguinte:

- Analiza a figura, encaixa e organiza o espazo de forma correcta: 30%



- Aplica correctamente os elementos da expresión gráfica (claroscuro, textura, forma, cor...): 30%
- Experimenta adecuadamente cos instrumentos de debuxo logrando un xesto espontáneo e persoal: 20%
- Acaba e presenta correctamente o traballo, tendo en conta a limpeza, claridade e orde: 10%
- Adecúase ás instrucións e condicións postas polo profesor e sigue un proceso de traballo organizado, ben distribuído no tempo: 20%

#### CUALIFICACIÓN FINAL:

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións. Isto débese a que hai contidos que se tratan só nunha avaliación pero o portafolios permite non só recuperalos se non tamén amplialos sempre ao ritmo máis axeitado para o alumnado. A maioría dos contidos son progresivos e van acadándose en maior medida segundo avanza o curso o que permite ir mellorando aspectos do portafolio tratados en avaliacións anteriores. Deste xeito consideramos o portafolio coma unha unidade de igual valor a efectos de cualificación.

O alumnado que estea matriculado nesta materia por non tela superada con anterioridade, poderá recuperala seguindo un plan de actividades ao que o alumnado terá acceso, preferiblemente a través da aula virtual do centro.

O grao de consecución dos criterios de avaliación das distintas unidades da materia establecerase a través de 2 ou 3 entregas de traballos prácticos, así como de 2 ou 3 probas escritas, nas datas establecidas polo centro cualificándose a nota do seguinte xeito:

- Realización e presentación de prácticas e propostas creativas: 40%
- Exame práctico: 40%
- Exame teórico: 20%

É importante que se cumpran as instrucións dadas polo profesor/a en canto a formato, técnicas, materiais, etc., e que as prácticas e propostas creativas sexan entregadas nas datas indicadas, xa que iso será tido en conta á hora da consecución dos indicadores de logro.

A cualificación final será a media aritmética das 2 ou 3 quendas.

## PROBA FINAL E PROBA EXTRAORDINARIA:

O alumnado poderá presentarse a unha proba final ordinaria e a unha extraordinaria, que consistirá na elaboración dun exercicio tipo práctico e unha proba teórica, na que se avaliará o seu grao de consecución dos contidos mínimos esixibles.

Neste caso, a cualificación final do curso será a nota desta proba, que se cualificará segundo os seguintes instrumentos de avaliación e ponderación sobre a nota total:

- Exame práctico: 80%
- Exame teórico: 20%